


REDE . GALEGA de dinamización

Xuvenil

f xuventude.net @xuventude



Que é a Rede galega de dinamización xuvenil?



A Rede galega de dinamización xuvenil (RGDX) é un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que busca salvar a distancia existente entre a Administración e os mozos, creando un servizo de asesoramento e unha canle de difusión adecuados para todos os recursos que dende a Xunta de Galicia se poñen á disposición da poboación máis nova.

A RGDX está composta por un equipo de dinamizadores, que presta servizo aos actores clave no traballo cos mozos en todo o territorio autonómico: concellos, universidades, centros de ensino secundario, asociacións, etc. Así como a todos aqueles mozos que dunha forma independente soliciten información ou asesoramento en materia de mocidade.

Os obxectivos estratéxicos da RGDX son:

1. Contribuír á dinamización da mocidade galega a partir da difusión da información do seu interese e da posta en marcha de actividades que respondan ás súas inquietudes.
2. Incrementar a participación dos mozos e mozas creando espazos para o debate e a participación.
3. Contribuír a canalizar o protagonismo e capacidade de liderado dos mozos e mozas e a xerar unha visión positiva da mocidade no seu ámbito territorial.
4. Motivar á xuventude co obxecto de fomentar a súa participación na sociedade como cidadáns activos.
5. Posibilitar un proceso máis favorable á emancipación e autonomía dos mozos e mozas a partir da información.
6. Incidir na igualdade de oportunidades da xuventude a través do acceso á información.
7. Organizar actividades a partir dos intereses e necesidades da mocidade.

Esta publicación pretende visualizar a programación da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, programación baseada no impulso e posta en marcha de experiencias pioneiras a nivel de todo o Estado, que se sustentan na utilización da educación non formal como método de adquisición de novas habilidades e competencias.

Deste xeito, quixera destacar a importancia que ten complementar o currículo académico dos mozos coas experiencias adquiridas mediante a participación en programas de educación non formal como os que tendes nesta publicación. Cando un mozo ou unha moza protagoniza un proxecto asociativo, unha iniciativa xuvenil ou un programa de voluntariado, está adquirindo unha serie de aptitudes interpersoais altamente valoradas no mercado laboral.

A participación xuvenil en programas de educación non formal supón o desenvolvemento de valores todos eles moi positivos e apreciados, como aptitudes comunicativas, organizativas e de planificación; traballo en equipo e toma de decisións; sentido da iniciativa ou autoconfianza.

As políticas máis modernas e innovadoras en materia de Xuventude en toda Europa teñen como nexos de unión a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas. O noso obxectivo é facilitarvos o aproveitamento de todas as posibilidades que ofrecen os programas que a continuación vos referimos.

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.



PROGRAMAS DESTACADOS DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Iniciativa Xove



Dirixido a: **mozos e mozas entre os 18 e os 30 anos (grupos informais) Asociacións xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude.**

Contía subvencionada: financiamento do 100% do proxecto ata un máximo de 5.000 €

Consiste nunha liña de axudas para que os mozos e mozas poidan desenvolver proxectos do seu interese. Os proxectos deberán enmarcarse nalgunha das áreas prioritarias que marca a convocatoria destas axudas, entre elas, proxectos que fomenten a empregabilidade dos mozos e mozas, proxectos que permitan a participación en experiencias de educación non formal en distintos campos, aqueles que fomenten actitudes creativas, innovadoras, participativas e de liderado da xuventude...

Pódese participar de dous xeitos: a través de grupos informais de mozos e mozas ou ben dende as asociacións xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude.

Voluntariado Xuvenil



Dirixido a: **entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e entidades de acción voluntaria.**

Este programa ten como obxectivo incentivar a participación dos mozos e mozas galegas nos proxectos de voluntariado impulsados polas entidades de acción voluntaria e as entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

**Contía subvencionada co fin de cubrir gastos de seguros, xestión, etc.*

Contía subvencionada: 6 €/día para voluntarios. 4 €/participante para a entidade de acción voluntaria*.



Galeuropa. Programa de mobilidade transnacional xuvenil

Dirixido a: **mozos e mozas menores de 30 anos e inscritos no Sistema de garantía xuvenil.**

Contía subvencionada: cantidades fixas por cada concepto e país marcadas na orde de convocatoria.

Poderán solicitar estas axudas: os propios mozos e mozas, entidades sen ánimo de lucro e entidades locais.

Programa de axudas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos.

Gastos subvencionables: apoio á organización e execución da mobilidade (só para entidades), gastos de viaxe, aloxamento e manutención, apoio lingüístico e gastos excepcionais recollidos na orde da convocatoria.



Deseñando o teu futuro

Dirixido a: **mozos e mozas entre 14 e 18 anos**

Contía subvencionada:
6 € por día e participante ⁽¹⁾
100 € por participante ⁽²⁾

Poderán solicitar estas axudas:

entidades sen ánimo de lucro e entidades locais.

Este programa subvenciona estadias en empresas coa finalidade de aproximar ós mozos e mozas á realidade laboral en diferentes ámbitos profesionais e especialidades, axudándoos a descubrir a súa vocación profesional.

(1) Para cubrir os gastos de mantención e desprazamento do mozo ou da moza.

(2) Para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas.



Xuventude Crea

Dirixido a: **mozos e mozas entre os 16 e os 30 anos non profesionais.**

Trátase do Certame Galego de Creadores Novos, que inclúe as categorías de Teatro, Artes plásticas, Fotografía, Música, Relato breve, Poesía, Videocreación, Banda deseñada, Graffiti, Deseño de xoias e Moda.

Premios:
1º _ 3.000 €
2º _ 1.500 €
3º _ 1.000 €;
por categorías.



Parlamento Xove

Dirixido a: **alumnado de 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de bacharelato de calquera centro de ensino de Galicia.**

Premios: danse a coñecer antes da fase final do concurso.

Poderán solicitar estas axudas: calquera centro de ensino de Galicia.

Trátase dunha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán, escribirán e debaterán sobre un tema. A actividade desenvolverase nunha fase inicial de investigación e argumentación de ideas na rede e unha fase final de debate dialéctico.

Correspondentes Xuvenís 3.0

Dirixido a: **estudantes de 3º e 4º de ESO. estudantes de FP. estudantes de bacharelato. estudantes universitarios.**

Consiste en contar cun espazo informativo nos centros de ensino, no que o alumnado participante se responsabilice de recoller a información en materia de xuventude que se lles envíe desde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e a difundan entre o resto do alumnado do centro, contando co apoio do persoal do Centro Coordinador de Información Xuvenil e co profesorado participante no programa.

Beneficios

- Reconoceráselles o tempo como persoas voluntarias mediante **un certificado** expedido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Estas horas poderán serlle validadas como prácticas para os cursos de información xuvenil que as esixan.

Beneficios para os mozos e mozas participantes: formación carné xove